

PLAN DE IGUALDADE

IES SANTIAGO BASANTA SILVA DE VILALBA

2021-2022



ÍNDICE

1.INTRODUCCIÓN	Pax.2
2.CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO	Pax. 3
3.ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGTBFobia	Pax. 6
4.OBXECTIVOS COEDUCATIVOS DESENVOLVIDOS A TRAVÉS DO PLAN EN CANTO AOS SEGUINTE TEMAS	Pax. 7
4.1.Promoción da igualdade de oportunidade entre mulleres e homes	Pax. 7
4.2.Prevenición, detección e intervención en casos de violencia de xénero	Pax. 7
4.3.Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual	Pax. 8
4.4.Prevenición, detección e intervención en casos de LGTBIfobia	Pax. 8
5.MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTE ÁMBITOS	Pax. 8
5.1.Organización do centro	Pax. 8
5.2.Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes	Pax. 9
5.3.Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo	Pax. 10
5.4.Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar	Pax. 10
6.SEGUIENTO E AVALIACIÓN	Pax. 11
ANEXO I	Pax. 12

1. INTRODUCCIÓN

O seguinte Plan de Igualdade do IES Santiago Basanta Silva de Vilalba é elaborado ao abeiro da Instrución do 6 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación e Formación Profesional e Innovación Educativa, referida a dita cuestión. Este Plan formará parte do Proxecto Educativo do centro, e desenvolverase anualmente no marco da súa Programación Xeral Anual, como indica tal documento.

O Plan de Igualdade (ou plan coeducativo) é un documento programático a través do cal os centros educativos poden recoller as medidas de acción positiva para abordar a promoción da igualdade entre mulleres e homes e para sensibilizar, previr e intervir fronte á violencia machista, que inclúe a violencia de xénero e a LGTBIfobia. Polo tanto, ten como fin trasladar á documentación do centro a lexislación educativa en materia de igualdade, para avanzar así na consecución do principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no ámbito educativo.

Neste apartado queremos deixar constancia das cuestións organizativas relacionadas coa igualdade de xénero que xa están a funcionar no noso centro, no momento da súa elaboración.

Está nomeada unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar, Dona Sabela Figueira Tenreiro, na súa calidade de representante do profesorado. A través dos diferentes plans do centro (Plan de Convivencia, PAT, Plan de Biblioteca, Plan xeral de atención á diversidade, Plan de Orientación, Plan Lector) temos concretados os obxectivos coeducativos, sendo estes difundidos a toda a comunidade educativa para que sexa partícipe do seu coñecemento e da realización dos mesmos. Asemade, temos establecidas dentro das NOFC medidas de intervención para abordar condutas contrarias á convivencia por razón de xénero, como a posible activación de protocolos derivados destas situacións. Lévese a cabo unha labor de orientación laboral e profesional (tanto dende o Departamento de Orientación como do profesorado) a todo alumnado do centro libre de estereotipos de xénero, pero incidindo nesta labor de orientación en 4º ESO e nos dous niveis de Bacharelato, por ser significativa cara o seu futuro inmediato. Ao longo do curso académico e atendendo as datas sinaladas no calendario escolar oficial, como son o 25 de novembro, 8 de marzo e celebracións LGTBI, levamos a cabo actividades dirixidas a todo o alumnado, como son: exposicións de traballos levados a cabo por eles/as para tales datas, lecturas de pequenos manifestos en relación con ditos temas, conferencias, obras de teatro, visionado de documentais ou películas, mesas redondas. E, por último, en canto a impartición de materias de libre configuración específicas de igualdade de xénero contamos dende o curso 2020-2021

coa materia de Igualdade de Xénero ofertada en 1º ESO, e con respecto á de 1º de BAC non temos a proposta pola Consellería, pero, temos que resaltar, que, neste centro dende a implantación da LOMCE en 1º de BAC contamos cunha materia de libre configuración de centro denominada Filosofía pola Igualdade, dentro da oferta educativa do Departamento de Filosofía, e que, coincide case na súa maior parte no seu curriculum co de Coeducación para o Século XXI, materia oficial ofertada dende a Consellería. Polo que, dende o IES Santiago Basanta Silva nos sentimos pioneiros/as neste camiño de introducir a igualdade dentro do sistema educativo dun xeito oficial.

2.CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO

En canto a contextualización normativa referida ao tema que nos ocupa, a nivel estatal, no artigo 14 da Constitución Española establécese, que os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Tendo en conta este artigo e evolución histórica, os diferentes gobernos de España no ámbito das súas competencias, estableceron diferentes decretos e leis, cas cales se quería poñer remedio a certas situacións aínda sen resolver en cuestións de igualdade. Así, co Real Decreto 1686/2000 de 6 de outubro créase o Observatorio de Igualdade de oportunidades entre homes e mulleres con dous obxectivos. Por un lado, solicitar, analizar e difundir información periódica e sistemática sobre a situación das mulleres e dos homes en cada momento e a súa evolución, co fin de coñecer os cambios socio-laborais rexistrados; e, polo outro, propoñer políticas tendentes a mellorar a situación das mulleres en distintos ámbitos.

Coa Lei Orgánica 3/2007, do 15 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, establécese que as mulleres e os homes son iguais en dignidade humana e iguais en dereitos e deberes. Esta Lei ten por obxecto facer efectivo o dereito de igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, en particular, mediante a eliminación da discriminación da muller. Así mesmo, esta lei establece principios de actuación dos Poderes Públicos, regula dereitos e deberes das persoas físicas e xurídicas, tanto públicas como privadas, e prevé medidas destinadas a eliminar e corrixir nos sectores público e privado, toda forma de discriminación por razón de sexo. De aí, que no seu artigo 23 estableza que o sistema educativo incluírá entre os seus fins a educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e na igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes, e incluírá, dentro dos seus principios de calidade, a eliminación dos obstáculos que dificultan a igualdade efectiva entre mulleres e homes, e, o fomento da igualdade plena entre unhas e outros. Nesta mesma liña, no seu artigo 24, determina que as administracións educativas garantirán un igual dereito á educación de mulleres e homes a través da integración activa, nos obxectivos e nas

actuacións educativas, do principio de igualdade de trato; evitando que, por comportamentos sexistas ou polos estereotipos sociais asociados, se produzan desigualdades entre mulleres e homes.

En materia educativa a Lei orgánica 8/2013, do 3 de maio, de Educación, refírese en numerosas ocasións á igualdade entre homes e mulleres, así, establécese que na escola deberán desenvolverse os valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, ao igual que a prevención da violencia de xénero. E no artigo 40 recolle como un dos seus obxectivos o fomento da igualdade efectiva de oportunidades entre homes e mulleres, así como das persoas con discapacidade, para acceder a unha formación que permita todo tipo de opcións profesionais e o exercicio das mesmas.

Por outra banda, a nivel autonómico no noso Estatuto de Autonomía establécese que, os poderes públicos desenvolverán accións encamiñadas a promover as condicións de igualdade e remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude.

Asemade, na nosa comunidade contamos coa Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de homes e mulleres que determina que a Comunidade Autónoma de Galiza, reforza o seu compromiso na eliminación da discriminación entre mulleres e homes e na promoción da igualdade, e atribúelle a maior efectividade posible, no seu eido de competencias, ao principio constitucional de igualdade de oportunidades entre as persoas de ambos sexos. Tamén contamos coa Lei 11/2007, do 27 de xullo, para prevención e tratamento integral da violencia de xénero e a Lei 2/2014, de 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais.

No ámbito de educación, no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galiza, determínase entre os obxectivos da educación secundaria, valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles, rexeitando a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller. Na etapa de bacharelato determínase que un dos seus obxectivos será o de fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade. Por último, cabe sinalar con respecto a este Decreto, que a orientación educativa atenderá ao principio de igualdade entre homes e mulleres.

Nesta mesma liña, no Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, establécese como un dos principios informadores e fin das normas de convivencia, a educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas. Así mesmo, establécese que o plan de convivencia integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas e as actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterá actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

Por último, a Consellería de Educación en abril do 2016 publicou o “Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero”, co que se pretende facilitar unha resposta unánime que garanta o dereito á identidade de xénero.

Con respecto as cuestións organizativas relacionadas coa igualdade de xénero, como xa indicamos no apartado anterior, con anterioridade á Instrución do 6 de setembro de 2019 o noso centro xa recollía nos distintos plans e documentos de organización, accións relacionadas cos obxectivos coeducativos, os cales imos a detallar a continuación.

Ao longo do Plan de Convivencia o principio de igualdade entre mulleres e homes está presente, tanto, na xustificación normativa, nos seus obxectivos e nas actuacións formativas en materia de convivencia, como, nas funcións da comisión de convivencia e dos axentes responsables da convivencia no centro educativo.

Da mesma maneira, no Plan de Acción Titorial tamén está recollido dentro dos seus obxectivos, e, entre as súas actividades aparecen aquelas orientadas á:

- Prevención da violencia de xénero (obradoiros, reflexión sobre o tema a partir do visionado de documentais, películas).
- Prevención da discriminación por razón e/ou orientación sexual.
- Concienciar a igualdade nos diferentes oficios, tarefas do fogar, etc.
- Reflexionar sobre as relacións afectivo-sexuais e así vivir ese ámbito humano da maneira máis responsable e satisfactoria posible.
- Conmemorar datas de interese respecto do tema a tratar (25N, 8 de marzo..)

Con respecto das NOF temos que dicir que nelas se teñen especial atención tanto á prevención da violencia de xénero e a non discriminación, como á defensa da igualdade en toda a comunidade educativa.

E, no Proxecto Educativo está recollida como unha das sinais do centro a *coeducación*, mediante a que se intentará eliminar calquera tipo de trato diferencial por razón de sexo, así como a superación dos mitos, tabús e diferenciación de roles entre homes e mulleres. Ao mesmo tempo, a educación sexual será considerada como medio importante no proceso de coeducación, e, tratarase como tema transversal.

Con respecto a todos estes documentos temos que precisar que se seguen a revisar todos eles, xunto cos demais que forman parte do PE e que non son nomeados aquí, para actualizados con respecto da normativa vixente e cunha linguaxe inclusiva.

3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGTBifobia

No centro non se realizou ningún estudo nin recollida de datos que nos permita dispor dunha diagnose completa sobre estas situacións, pero tendo en conta a información da que dispoñemos podemos dicir que hai situacións de desequilibrio en determinados ámbitos, que citaremos a continuación:

- Nos órganos de decisión, tanto a nivel de profesorado como a nivel de alumnado, hai unha sobrerrepresentación de mulleres fronte aos homes.
- No rexistro de condutas contrarias á convivencia (conflitividade escolar) hai unha sobrerrepresentación de alumnos con respecto ás alumnas.
- No uso do espazo no tempo de lecer tamén observamos diferenzas, mentres os alumnos maioritariamente ocupan as pistas exteriores e o pavillón para xogar ao fútbol, algunhas alumnas xogan ao baloncesto no pavillón. Observamos, polo tanto, que no uso das instalacións deportivas no tempo de lecer hai unha sobrerrepresentación de alumnos con respecto ás rapazas. Pero, tamén é curioso que cando se organizan campionatos de deportes no lecer hai grupos igualitarios de rapazas e rapaces.

O primeiro desequilibrio presentado é facilmente entendible tendo en conta o número total de profesoras (48) con respecto dos profesores (20) que temos no centro, e con respecto do alumnado, ven motivado porque son máis alumnas ás que se presentan para os órganos de decisión que alumnos.

Con respecto ao uso do espazo no lecer temos que comentar, que, aínda sendo evidente a situación nas instalacións deportivas, nos demais espazos escolares dos que poden facer uso nese tempo de lecer a situación é igualitaria, é dicir, nos corredores, biblioteca e cafetería o uso é por igual de alumnos como de alumnas.

En canto a comportamentos intolerantes (comentarios inapropiados) coa diversidade afectivo-sexual temos que dicir que se dan máis entre os alumnos cando a afectividade

toca co seu xénero, mentres que se a afectividade é entre o xénero feminino admítese tanto polas alumnas como polos alumnos, e tamén ocorre isto último coa manifestación da bisexualidade.

E último termo, temos que dicir que nos últimos tempos vimos observando que moitos dos conflitos que temos que tratar se orixinan no mal uso das redes sociais, onde as alumnas, maioritariamente, fan un mal uso da súa imaxe, o que trae consigo comentarios de corte sexista e, tamén, un mal uso da linguaxe.

4.OBXECTIVOS COEDUCATIVOS DESENVOLVIDOS A TRAVÉS DO PLAN EN CANTO AOS SEGUINTE TEMAS

4.1. Promoción da igualdade de oportunidade entre mulleres e homes

- Sensibilizar á comunidade educativa sobre a importancia que ten educar en igualdade, sen discriminar por razón de xénero.
- Promover accións formativas para o desenvolvemento da equidade de xénero e á igualdade entre homes e mulleres.
- Revisión, adaptación e actualización dos recursos pedagóxicos e didácticos (soportes metodolóxicos, técnicas didácticas de aula, xogos, libros, material audiovisual, etc.) de forma que estes contribúan a fomentar a igualdade entre mulleres e homes.
- Supervisar e garantir que os materiais didácticos de todos os niveis inclúan e respecten a perspectiva de xénero e a linguaxe inclusiva.
- Eliminar a linguaxe sexista tanto nas aulas como nos espazos e na documentación do centro.
- Recoñecer e identificar os micromachismos na vida cotiá para concienciar ao alumnado da necesidade de ir cambiando os comportamentos e ser quen de rexeitalos.
- Fomentar unha orientación laboral e profesional libre de estereotipos de xénero.

4.2.Prevenición, detección e intervención en casos de violencia de xénero

- Fomentar a igualdade de xénero nas relacións interpersoais a todos os niveis e, para o alumnado, con especial atención ás relacións de parella.
- Concienciar sobre os indicadores de risco nas relacións de parella e dotar de habilidades para evitalos.
- Motivar o cambio de actitudes para promover relacións igualitarias.
- Realizar accións formativas que preveñan a violencia de xénero.
- Mostrar tolerancia cero diante de calquera signo de comportamento



machista no centro educativo.

4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual

- Desenvolver actitudes e conduta tolerantes que valoren e respecten as diferenzas entre os sexos, as diversas orientacións e as identidades sexuais, fomentando os valores do respecto á diversidade, á igualdade de dereitos e de oportunidades.
- Favorecer unha autoimaxe realista e positiva no alumnado respecto ao seu xénero, á súa sexualidade, á súa orientación e á súa identidade axudándolles a que desenvolvan a súa autoestima de forma adecuada, en especial naqueles rapaces ou rapazas LGTB.
- Propiciar que o alumnado analice e reflexione sobre os roles de xénero tradicionais, masculino e feminino, para que non os reproduzan desde unha posición acrítica, e facilitar o tránsito a outros máis flexibles e xustos que se baseen no principio da igualdade de oportunidades, a cooperación e a corresponsabilización.
- Implicar ás familias no proceso educativo para traballar no respecto e a atención á diversidade afectivo-sexual.
- Mostrar tolerancia cero diante de calquera signo de comportamento intolerante ante á diversidade afectivo-sexual no centro educativo.

4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGTBifobia

- Promover accións que fomenten a tolerancia e o respecto co colectivo LGTBI.
- Involucrar a toda a comunidade educativa para detectar e previr posibles casos.
- Fomentar a erradicación dos estereotipos sexistas e homófobos.
- Prever e reducir os riscos de exclusión da poboación LGTBI.
- Mostrar tolerancia cero diante de calquera caso de LGTBifobia no centro educativo.

5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs ÁMBITOS:

5.1. Organización do centro

- Intentar favorecer a representación de homes e mulleres, do xeito máis equitativo posible, nos órganos de decisión e representación.
- Revisar a documentación do centro para que figure unha linguaxe inclusiva e igualitaria.



- Promover o uso dunha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro, tendo especial coidado con aquelas expresións, que sen parecelo poden gardar certo estereotipo machista.
- Seguir colaborando co Centro de Información á muller (CIM) para a realización de actividades coeducativas, como obradoiros, charlas coloquio, participacións en eventos en datas conmemorativas...
- Seguir realizando actividades para conmemorar certas datas como son o 25N ou 8 de marzo.
- Desenvolver charlas de orientación laboral e profesional libres de estereotipos de xénero, tanto cando sexan desenvoltas polo Departamento de Orientación como por axentes externos ao centro, e, intentarase na medida do posible que estas charlas de axentes externos sexan ofrecidas por persoas que rachen cos estereotipos de xénero.
- O **equipo de traballo** en materia de igualdade, formado por alumnado e profesorado voluntario do centro, supervisará as accións enmarcadas no Plan de igualdade.

5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes

- Fomentar no día a día da aula a inclusión e a diversidade, por exemplo á hora de elaborar grupos de traballo.
- Revisar as programacións didácticas desde unha perspectiva de xénero co fin de incluír a mulleres relevantes de cada saber, facer manifesta a presenza das mulleres nos fitos da humanidade, na conquista dos dereitos ou incluso a presenza de desigualdades de xénero que poden pasar desapercibidas nun primeiro momento.
- Revisar o material didáctico empregado na aula para que este libre de estereotipos de xénero (valores, normas, representacións, selección dos contidos, dos personaxes, das imaxes, da linguaxe, da proposta de actividades).
- Vaise promover a educación emocional co fin de favorecer a expresión das emocións e dos sentimentos, e intentando construír espazos seguros para a súa expresión.
- Realizar actividades de sensibilización na aula arredor de temáticas socialmente tabú, educativamente pouco abordadas, preocupantes socialmente (educación afectivo-sexual, diversidade LGTBI, adiccións...) co fin de favorecer a visibilidade dos problemas existentes entre o alumnado, nas horas de titorías e con asesoramento do Departamento de Orientación.



5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.

- Vaise difundir información sobre igualdade/violencia de xénero/ diversidade LGTBI a través dun taboleiro no centro.
- Vanse promover **lecturas coeducativas** a través da biblioteca escolar. Con este obxectivo, ampliarase o fondo de lecturas coeducativas, crearase un espazo lila para dar visibilidade a tal fondo, e, a través do club de lectura se incentivarán estas lecturas coeducativas.
- Difundir a través das canles do instituto as accións encamiñadas á igualdade entre homes e mulleres.
- Levaranse a cabo exposicións con **contidos de actualidade** para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade real e efectiva.
- Vanse xestionar as actividades de lecer e a ocupación do **patio** para favorecer a inclusión.
- Desde o Departamento de Orientación velarase para que a información que se lles ofrezca cara a súa realización vocacional estea libre de estereotipos de xénero.

5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar

- Vaise promover o **respecto** e o bo trato entre mulleres e homes. Así, estableceranse compromisos de aula/centro para o respecto entre iguais ante problemas de convivencia comúns. Sensibilizarase ante o que se entende como bo trato co fin de dar unha pauta de conduta, sobre todo, en casos de novas aprendizaxes vitais (ex.: descubrimento do propio corpo, acollemento entre iguais, namoramento, primeiro encontro sexual, compañeirismo no ámbito profesional etc.).
- Desde o Plan de Convivencia e desde o Plan de Acción Titorial, traballarase e fomentaranse os valores e principios que inspiran este Plan de Igualdade.
- Aplicar os protocolos que xa existen neste eido nos casos que sexa preciso.
- Facer partícipe ao alumnado e as familias nesta tarefa, recoñecendo e denunciando comportamentos inadecuados e que poidan causar dano a outras persoas.

6.SEGUIENTO E AVALIACIÓN

Este Plan que presentamos estará sometido a unha continua avaliación, revisión e adaptación co obxectivo de traballar pola mellora continua do funcionamento do centro.

MOMENTO	PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN
INICIAL	<ul style="list-style-type: none"> Realizada na análise de partida e contexto. Aportou os datos para a elaboración do Plan.
PROCESUAL	<ul style="list-style-type: none"> Levarase a cabo a medida que se vai desenvolvendo o Plan, e vendo os resultados obtidos, poderase ir modificando naqueles aspectos necesarios. Terase en conta: <ul style="list-style-type: none"> -Fontes documentais: actas das distintas reunións dos órganos do centro, actas das diferentes avaliacións de todos os cursos,. -Fontes persoais: equipo docente, equipo non docente, alumnado, familias, autoridades educativas. -Instrumentos: rexistros de observación por parte do profesorado, da directiva, do departamento de orientación, protocolos, guías de análise. -Datos numéricos: estatísticas de resultados en cada avaliación. -Técnicas: cuestionarios a todos os sectores da comunidade educativa, entrevistas, reunións, toma de notas, observacións. -Os indicios e observacións do quefacer diarios: queixas dos diferentes sectores da comunidade educativa, ... -Informacións de carácter informal.
FINAL	<ul style="list-style-type: none"> Levarase a cabo tendo en conta o mesmo que se tivo na avaliación procesual, e, servirá para comprobar os seguintes aspectos: <ul style="list-style-type: none"> - o grao de consecución dos obxectivos propostos - actuacións que non se desenvolveron. - impacto e alcance das accións desenvolvidas na comunidade educativa. -dificultades observadas no desenvolvemento das accións. <p>e, asemade, servirannos para establecer unha serie de propostas de mellora, que serán o punto de partida para a revisión e actualización do presente Plan para os vindeiros cursos.</p>



Este Plan de Igualdade foi aprobado pola directora do IES Santiago Basanta Silva con data 21 de xaneiro do 2020, unha vez presentado ao Claustro e ao Consello Escolar celebrados ese día e dada a conformidade dos mesmos.

Este Plan foi revisado con data 14 de setembro de 2021 pola directora do centro e levado ao Consello Escolar celebrado o 30 de setembro de 2021 para súa aprobación.

Todo o establecido neste Plan terá en conta as medidas establecidas no Protocolo de Adaptación ao COVID 19 dadas as circunstancias especiais que concorren tamén neste curso académico.

Vilalba, de 30 de setembro de 2021

A directora: M^a del Socorro Trillo Leis.